

# ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

## Obxectivos:

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, co desenvolvemento desta actividade, perséguense os seguintes obxectivos:

- Comprender e coñecer todas as fases do procedemento de contratación.
- Ser capaz de redactar os documentos que compoñen o expediente de contratación.
- Alertar sobre as dificultades e principais incidencias da contratación pública.
- Determinar as exixencias de solvencia de forma adecuada.
- Diferenciar os tipos de criterios de adxudicación, coñecer os riscos e posibilidades de elección.
- Ser capaz de redactar un prego de condicións e coñecer as posibles vulnerabilidades e os defectos frecuentes.
- Comprender a dificultade de redactar un modificado previsto.
- Comprender como redactar condicións especiais de execución e, en relación con iso, coñecer as exixencias do Real decreto lei 14/2019, do 31 de outubro.
- Aprender cal é o contido mínimo dun documento de contrato.

## Persoas destinatarias:

O taller está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes públicos instrumentais e das universidades do Sistema universitario de Galicia que presten servizo en unidades de contratación e que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

## Convocatoria:


DOG núm. 221, do 17 de novembro de 2021.

## Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).  
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

## TALLER DE CONTRATACIÓN PÚBLICA. ROLE PLAY XURÍDICO-PRÁCTICO.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021



09:00 h. Recepción de asistentes e recollida de documentación.

09:15 h. **I. A CONFIGURACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO.**

**1ª tarefa:** Redactar o informe de necesidade.

**2ª tarefa:** Preparar unha consulta preliminar.

**3ª tarefa:** Verificación de ausencia de fraccionamento.

**II. A ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. BREVE GUÍA DE PROCEDEMENTOS. ESPECIALIDADES.**

**Tarefa:** Identificación das diferencias.

11:00 h. Pausa-café.

11:30 h. **III. A REDACCIÓN DE CRITERIOS DE SOLVENCIA.**

**1ª tarefa:** Identificar criterios legalmente posibles.

**2ª tarefa:** Role play: redacción de criterios e validación conforme requisitos legais.

**3ª tarefa:** Role play: posibles motivos de impugnación dos requisitos. Procura de debilidades e exposición.

**4ª tarefa:** Plasmación documental de requisitos.

**IV. OS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS.**

Exixencias a ter en conta. Redacción de criterios tendentes a buscar a mellor oferta. Redacción de formula económica e simulación. Redacción de criterios sociais e ambientais.

**V. REDACCIÓN DE MODIFICADOS PREVISTOS.**

**VI. REDACCIÓN DE CONDICIÓN DE EXECUCIÓN.**

**VII. REDACCIÓN DE PENALIDADES.**

**VIII. REDACCIÓN DE ACTAS.**

**IX. REDACCIÓN DE DOCUMENTO CONTRACTUAL.**

14.30 h. Clausura do taller.

**DOCENCIA:**

**Javier Vázquez Matilla.**

Consultor, experto en contratación pública.

.....

**Información e matrícula:**

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) / Web: [egap.xunta.gal](http://egap.xunta.gal)

Matrícula: [egap.xunta.gal/matricula](http://egap.xunta.gal/matricula)

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións poden consultarse na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>